



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Intervención - Tesouraría

Aprobación inicial de modificación de créditos n° 20/2024 mediante transferencia de crédito 5/2024

EXPTE: 2024/T002/000020

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de novembro de 2024, aprobou inicialmente a modificación de créditos núm. 20/2024 sobre o Orzamento do Concello de Ponteceso correspondente ao exercicio 2024, de aprobación dunha transferencia de crédito (5/2024), entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto, por importe de 170.207,40 €.

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación co 169, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

En Ponteceso asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Jose Manuel Mato o 21 de novembro de 2024

2024/8338